

R G T

Revista Galega de Teatro Verán 2008 Número 55



TEXTOS / 52

OASIS

de

Carles Batlle

Tradución: Afonso Becerra de Becerreá

“OASIS, UN XOGO DE ESPELLISMOS E CORRENTES SUBTERRÁNEAS”

Por Afonso Becerra de Becerreá

Traemos á nosa lingua e ao noso teatro, a un dramaturgo catalán contemporáneo plenamente consolidado xa no panorama teatral internacional. Carles Batlle ten escritas unhas once obras dramáticas, mais cinco dramaturxias a partir doutros textos, xunto con varios artigos e traballos de ensaio sobre literatura dramática e dramaturxia. A súa produción para a escena ten recibido prestixiosos galardóns e, ademais de traducirse a múltiples linguas, tamén foi escenificada en diferentes países. No ano 2004, por exemplo, estrea *Temptació* no Teatre Nacional de Catalunya e no Burgtheater de Viena e, ademais, é montada en Alemaña e Francia e traducida e publicada en castelán, francés, alemán, italiano e portugués. Nese brillante traxecto tamén cómpre incluír *Suite* e *Oasis*. A primeira recibiu o premio da SGAE no 1999 e foi tamén publicada en francés e italiano. *Oasis*, arestora en galego, recibiu o premio Josep Ametller no 2002 e foi finalista do premio Born de Teatro no 2001, publicouse en francés e recibiu o premio á mellor tradución ao alemán no festival do Stadt Theater de Bremen no 2004. A última peza da que temos noticia é *Trànsits*, estreada na Sala Beckett de Barcelona no 2007 e publicada en catalán e alemán.

A produción dramática de Carles Batlle caracterízase, fundamentalmente, por unha busca consciente e estudada de formas e estruturas que reflectan de xeito novo as inquiredanzas que se achan no seu cerne. Trátase case sempre de composicións que sorprenden pola súa feitura pero sempre gardando un sensato equilibrio a respecto dos conflitos e as accións que latexan nas profundidades dos seus textos. As relacións humanas, xeracionais, de parella, de amizade... son o centro da meirande parte da súa obra, o cal confirma a súa irremisible adscripción ao xénero dramático, afinado na intersubxectividade, na esfera do “entre”, na converxencia do relacional, aínda que a fragmentación estrutural propia da contemporaneidade tamén corte os patróns das súas creacións. De igual maneira, tamén alenta na dramaturxia de Batlle, un certo ton rapsódico, con prosa recortada como verso libre nalgunhas réplicas, sen deixar de banda as capacidades evocativas e polisémicas da lingua. Incluso poderíamos albiscar unha certa textura poética no discurso dos personaxes que puidera achegar a acción dramática, da que son protagonistas ou sufridores, ao estilo do teatro simbolista, se non fose que a evolución imparabile da arte da dramaturxia, na que se inscribe de xeito moi consciente Carles Batlle, non ten xa volta atrás, máis que en mínimos escintileos.

Cando aludimos ao control consciente do seu proxecto creativo no eido da obra dramática, estamos a referirnos aos fondos coñecementos que Carles Batlle posúe sobre a dramaturxia

universal e ao dominio das técnicas e procedementos que desta disciplina demostra. Ademais de ser profesor de Dramaturxia no Institut del Teatre e na Universitat Autònoma de Barcelona, dirixe o Obradoiro da xa mítica Sala Beckett e, por tanto, inviste moito tempo na experimentación e na investigación. Isto dá como resultado obras que sempre presentan algún novo desafío na súa concepción e no alcance dos seus medios, o cal supón un avance na linguaxe dramática ao que toda a xente do teatro deberiamos estar máis atentos. A cociña da Sala Beckett, fundada por outro consumado mestre, Sanchis Sinisterra, da que agora é Chef Batlle, sempre ofrece pratos que son unha provocación para os padais máis selectos. Algo semellante á do Royal Court de Londres, con exemplos de incesante busca formal e de novos mecanismos de coherencia ou lóxica dramática, pensemos en Caryl Churchill, aínda que esteamos a falar de obras e contextos moi diferentes. Pero en ambos casos estamos ante espazos nos que se concede unha especial atención á análise do discurso, máis aló da dos contidos, para avanzar cara a un novo teatro que deixe de repetir lugares comúns. Un drama contemporáneo, un “drama relativo” que esixe un público activo que indague, anoe cabos, decida e chegue a conclusións persoais. Un drama interactivo, como formulaba o propio Carles Batlle naquela especie de manifesto titulado precisamente “O drama relativo”, que publicaba no ano 2000. Nel defendía a validez dunha dramaturxia que se articulase discursivamente na incerteza, na dúbida, na angustia ou no non dito, e que chamaba ao público a “escudriñar na corrente subterránea que atravesa e dirixe as situacións” pero sen necesidade de confirmar nin asegurar nada. Un novo teatro político, da “polis”, que confía nunha cidadanía emancipada que non necesita que lle sirvan enriba do escenario mensaxes xa mastigadas, nin panfletos disfrazados.

Sen ir máis lonxe, *Oasis* preséntanos, case sen que nos decatemos, o problema da emigración e da inmigración, dos que se van e dos que veñen de fóra, dos que marchan e ao volver non atopan o que deixaron nin sequera o que poden esperar atopar. O oasis aquí é unha ironía cruel do destino, xa que non só nos fai chocar contra os espellismos, senón que a auga que nos desertos é escasa, aquí somerxe, en abundancia, o pasado máis físico, o da casa da infancia, perdida xa para sempre.

Nesta obra tamén hai un Lopahín, como en *O xardín das cerdeiras* de Chékhov, un especulador que taxa as ganancias da propiedade e as sabe aproveitar por riba de calquera outra consideración. O vello Abdalá lémbra-nos no seu impactante final ao vello criado Firs, d’*O xardín das cerdeiras*, que fica pechado na casa, somerxido baixo as augas do pasado. Tamén aparece, simbolizado nun xogo de mesa, o rol do destino, que garda na súa xeometría, como na da composición desta obra dramática, tódolos misterios e que metaforiza a batalla e as ansias de conquista que non só se lidan sobre o taboleiro. No epílogo, Abdalá fica na casa xogando ao solitario co “guetán”, mentres a auga se apodera

de todo. Abdalá explícanos as regras do xogo e aí o autor establece un paralelismo entre os movementos das figuriñas e as accións principais que tiveron lugar ao longo da peza, aínda que fora de xeito agochado.

Tamén hai neste *Oasis* algo do “drama analítico” de Ibsen, sobre todo no xeito de abordar o pasado e os recordos dos personaxes, xa que nel áchanse resortes que desanoan e impulsan a acción do presente. Os personaxes acoden ao pasado a través de obxectos como o albume de fotos, ás pegadas no espazo ou ao mesmo recordo. E, ás veces, semella que se abre a caixa de Pandora, porque os episodios do pasado non son iguais segundo quen os vivira. Porén, sobre eses recordos, pretendidamente compartidos, Raxid e Xavier, construíron un presente erróneo que agora se lles volve en contra.

Os momentos nos que a emoción anega as palabras dos personaxes, o discurso vólvese fragmentario, versifícase en si mesmo e adquire unha calidade poética que contribúe a crear unha atmosfera dramática máis densa semanticamente.

Todo isto e todo aquilo ao que se nos invita nesta obra fai de *Oasis* un camiño sen retorno, porque está cheo de suxestión e de emoción, unha obra que somerxe ao espectador nas súas augas aparentemente calmas pero cheas de perigosas correntes subterráneas. Unha peza inzada de espellismos e quizais, incluso, dalgún espello no que poidamos chegar a vernos nós mesmos reflectidos.

Afonso Becerra de Becerreá
Vigo, San Xoán 2008.

Ao Enric Gallén, por tantos anos de amizade

PERSONAXES:

Aixa,
Vinte anos, ou un pouco máis.

Raxid,
Xavier,
Aproximadamente trinta e cinco anos. Os dous.

Abdalá,
Avó de Aixa.

Un val, preto dos Pirineos. Ano 2001.

Amplo salón dunha casa deshabitada. Unha lámpada de araña pende da bóveda do teito. Unha fiestra. Estendida no chan, unha grande tea embarullada debuxa volumes e formas fantasiosas; expándese ata ocupar case todo o espazo transitable. Poucos obxectos visibles: un par de estores enrolados, un baúl, un feixe...

Vestido cunha longa xilaba, Abdalá móvese con precaución e mira de non pisar a tea. Nun recuncho, unha teteira con auga quente e uns cantos vasos. Abdalá limpa os vasos, saca algúns coxíns do baúl, prepara o te... Senta, próbao, pecha os ollos: o pracer é evidente.

Despois, remexe no feixe. Saca unha pequena caixa de madeira gravada e un taboleiro cuadriculado. Frega o taboleiro co brazo, unha, dúas, tres veces, déixao no chan. Brilla. Abre a caixa con suavidade. Vai extraendo –dunha nunha- corenta figuriñas de almafí, brancas e negras.

Abdalá. O te, o taboleiro, as figuriñas.

Abdalá: Dátiles marelos
 torrados
 miúdos
 en ringleiras
 tirando a vermellos
 Dátiles de tódalas medidas e cores
 Na nosa casa
 unha partida de *guetan* de vegadas dura días
 Ti xa non te debes lembrar
 eras moi cativo
 cando marchaches
 O teu avó e mais eu
 chegamos a pasar máis dunha semana
 Unha soa partida
 Era o tempo dos dátiles
 Diso si que te lembras
 verdade?
 Unha semana
 decátaste?
 Unha extensión inacabable de cores torradas
 cubría a explanada
 Teu avó viña buscarme
 O día despedíase
 trala grande duna do *chott*
 e nosoutros
 cansos
 pero felices
 dabamos grazas a Deus
 Pregabamos
 Apoiabamos as costas nunha palmeira
 e tomabámo-lo te
 Despois xogabamos
 A mesma palmeira de sempre
 Lémbreste?
 Diso tampouco
 Era unha vella palmeira
 ampla
 miúda
 diferente das outras
 O noso recuncho
 Ti durmiras
 debaixo

de noite
nos meus brazos
Unha partida de *guetan*
non se pode resolver tan facilmente
coma facedes vosoutros
O *guetan* é sagrado
Vosoutros
convertestes o xadrez en deporte
No *guetan* loitas contra ti mesmo
non contra o outro
O outro é un instrumento
Atopar o sentido da túa existencia
No *guetan* podes atopar o sentido da túa existencia
Respostas inesperadas a preguntas que nunca fixeches
Xa podes rir
xa
Aixa veute
no *guetan*
Pregúntalle
pregúntalle
Es o seu destino
Enténdelo
Raxid?
o teu destino

(Entra Raxid. Viste pantalóns texanos, camisa. Ordena unhas cordas finas que lle colgan dos brazos.)

Raxid: Eu non xogo ao *guetan*. Non me lembro. Non creo nestas cousas.

(Raxid axeónllase enriba da tea, vai anoando as cordas en diversos puntos, estratexicamente. Ponse dereito, pasa algunhas das cordas polos brazos da araña. Entra Aixá. Longa xilaba, cabelos mollados. Fica queda e espera o sinal de Raxid. Os dous á vez estiran as cordas; a tea elévase, ben arriba, como a carpa dun circo...)

No medio do salón, eríxese unha especie de tenda: semella o interior dunha haima bérber.

Os volumes que agochaba a tea quedan ao descuberto: un reloxo de caixa, quizais un espello –vellos indicios doutra existencia. Unha cadeira.

Raxid: Tiveches unha boa idea. (A Abdalá) Aquí o tes. Toda túa.

(Do exterior, abruptamente, chega un ruído enorme e enxordecedor: ruído de escavadoras e maquinaria pesada.)

Aixa: *(Mirando cara á fiestra.)* Que pasa? Que é iso?

Raxid: Ren. Traballan. Eu téñome que ir. Mañá...

Aixa: Que?

Raxid: Mañá volverei.

Aixa: Raxid...

(Raxid sae. O ruído intensifícase.)

Sentado no chan, Abdalá limpa con coidado as pequenas pezas de marfil. Por riba da súa cabeza, o fume dunha pipa de auga elévase cerimoniosamente cara ao azulado da bóveda. Xavier, cunha maleta na man, observa a Abdalá en silencio.

Abdalá: Sente
prégollo
O te tróuxeno de casa
a menta non
é certo
recollina
aquí
fóra
Fóra hai un xardín
Seguro que non quere?
Semella bastante boa
Gustaralle
Unha oportunidade única
definitiva
Unha bebida coma esta

(Xavier anícase e colle unha das figuriñas; obsérvaa un breve momento na palma da man; déixaa no seu lugar. Incorpórase de novo.)

Xavier: Coñece a Raxid?

Abdalá: Si
Coñece este xogo?

Xavier: Din que na súa orixe representaba unha batalla entre a raza negra do sur e a branca do norte.
Hai que colocar as figuriñas de maneira que as pezas negras xoguen desde o sur e as brancas desde o norte.
O xogo remata cando un dos dous xogadores coloca calquera peza na casinha que ocupa a Princesa do contrario.
Ou cando un Xefe se apodera do outro.
Non está Raxid?

Abdalá: Aínda non

(Xavier desprazouse ata a fiestra e contempla o exterior atentamente.)

Abdalá: A miña neta
preparará algunha cousa
para comer

Deixe a maleta
repouse
ten cara de canso
Estes coxíns son moi confortables
e o te
está acabado de facer
Non tardará moito
Veña
sente
Escoite
Podo facerlle unha pregunta?

Xavier: Non se sente ningún ruído.
Canto hai que no traballan?

Abdalá: Está a dicir que non había
todo isto
antes?

Xavier: Non, non había.

Abdalá: Así
coñece este sitio

Xavier: Si.

Abdalá: Debía de ser bonito
antes

(Pausa.)

Xavier: Perdoe, pero paréceme que non se decata...
Isto é encaixe, un encaixe antigo, feito a man, enténdeme?
Este coxín é moi delicado.
Quizais sería mellor que...

(Abdalá incorpórase, colle o coxín, alísao, vólveo a poñer no chan e convida a Xavier a sentar.)

Abdalá: Aquí estará ben
Sente
por favor

(Serve un vaso de te.)

Xavier: Se non lle importa, deixarei a maleta na miña habitación.

Abdalá: Por aquí non
prégollo

Xavier: Que?

Abdalá: Esta non

Xavier: Por que non?

Abdalá: É a habitación da moza.

(Entra Raxid. Vai cargado con bolsas de supermercado de plástico.)

Raxid: Xavier.

(Silencio.)

(Os dous homes obsérvanse un intre; despois, lánzanse un nos brazos do outro, apértanse con forza, van a rolos polo chan. Grandes exclamacións de alegría, simulacro de pelexa infantil e grande riso final.)

Abdalá e Xavier. O te, o taboleiro, as figuriñas.

Abdalá: Por aquí non
prégollo

Xavier: Que?

Abdalá: Esta non

Xavier: Por que non?

Abdalá: É a habitación da moza

(Entra Raxid. Vai cargado con bolsas de plástico de supermercado.)

Raxid: Xavier.

(Silencio. Os dous homes obsérvanse un intre; despois, con xestos torpes, aproxímanse, dubidan, tócanse. Finalmente, insinúan un breve abrazo.)

Raxid: Pero que fas aquí? Non te esperaba tan axiña.

Xavier: Atopei un avión que saía a primeira hora da tarde. Voos directos desde Cardiff, para turistas, xa sabes. Do aeroporto deica aquí só tardei unha hora. Antes non tiñamos a autovía.

Raxid: Si, agora todo é moito máis rápido...

Xavier: Debe de facer ruído.

Raxid: A autovía? Non creas. Nada máis se sente de noite, desde o piso de arriba.

Xavier: Aquí arriba?

Raxid: Na habitación dos pais.

Xavier: De noite.

Raxid: Si, de noite. Estou contento de que volveses...

Xavier: Vés a miúdo, de noite?

(Pequena pausa.)

Raxid: Non cambiaches nada... Tesme que contar moitas cousas. Non recibimos cada día a unha eminencia coma ti... Se o tivera sabido, tería vido máis cedo. Coñeciches a Abdalá?

Xavier: Ben...

Raxid: É o avó de Aixa.

Xavier: Xa.

Raxid: Non te lembras.

Xavier: Non.

Raxid: Aixa.

Xavier: ...

Raxid: Faleiche dela hai moito tempo.

Xavier: Moito tempo, seguro.

Raxid: Téñoche que contar moitas cousas. Ven, quedarás na habitación dos pais, deixa iso.

Xavier: Podo eu só.

Raxid: Debes de estar canso. Toma un te, home.

Xavier: (*Polo exterior.*) Non traballan hoxe?

Raxid: Non, hoxe non.

Xavier: E mañá?

Raxid: Non, xa non traballan. Ven, senta...

Xavier: Pasaron do asunto... Queres dicir...

Raxid: Non.

Xavier: Pero non traballan.

Raxid: Acabaron, Xavier, xa acabaron.

(*Pausa.*)

Raxid: Pasadomañá comezan a encher. (*Pequena pausa.*) Non che debe pesar... Paréceme que non entendiches de que vai todo isto. Por que viñeches? Agora seguramente parece feo, vese todo formigón, ata a base, e todo está cheo de cascallos. Pero espera que estea cheo. Cando a auga chegue ata arriba de todo, xa o verás, parecerá Suíza... Ven, descansa, tes que coñecer a Aixa. Está deixando todo isto como...

Xavier: Xenebra.

Raxid: Xenebra?

Xavier: Si.

Raxid: Tes sede?

Xavier: Non.

Raxid: Non te entendo.

Xavier: Era unha broma.

Raxid: Se queres, Aixa levarache un pouco de viño, aínda queda na adega do pai. Como dicía? (*Impostando a voz.*) “*Esta botella gardarémola para celebrar algunha cousa boa*”... Volviches. Volviches, Xavier. Iso si que é unha cousa boa. Direille a Aixa que baixe á adega. Non darías creto a toda a faena que fai. Está deixando todo isto como unha patena. Arranxou tódalas andrómenas que había por aquí. É moi traballadora. Xa o verás, non recoñecerás a casa.

Xavier: Por que?

Raxid: Xa o verás.

Xavier: Non, quero dicir, por que o fai?

Raxid: Por que que?

Xavier: Por que está a arranxar todo isto?... Que buscas?, a chave?

Raxid: Non. Que hora é?

Xavier: Tarde. Eu teño a chave.

Raxid: A porta está aberta.

Xavier: Que porta?

Raxid: A porta da adega. Os operarios rebentárona, xa sabes como son estas cousas...

Vou chamar a Aixa.

Xavier: Raxid...

Raxid: Xa o verás: é moi guapa, ten vinte poucos anos, é limpa, sabe cociñar, non lle dá medo o traballo, sabe facer...

Xavier: Raxid...

Raxid: Collóns, Xavier, só é unha porta. Abriron tódalas portas, tódalas casas. É normal, son os operarios da empresa, teñen que mirar que non quede ninguén. De aquí a unha semana...

Xavier: Que fan aquí?

Raxid: Os operarios?

(Pequena pausa.)

Xavier: Ti tampouco cambiaches nada. Quen son?

(Pequena pausa.)

Raxid: Aixa, Xavier, Aixa e o seu avó. Sinto que non te lembres. Esquecícheste, verdade? Cando eramos pequenos sempre dicías o mesmo: que a ti tamén che gustaría ter alguén, algunha rapaza que te esperase, alguén...

Xavier: A túa prometida...

Raxid: Si, a miña prometida.

Xavier: A túa prometida.

Raxid: Tesme que facer un favor.

Xavier: Outro?

Raxid: Outro? Que outro? Que outro favor?

Xavier: Ti tamén perdes a memoria. Cando marchei fíxenche un favor. Sábelo.

(Pequena pausa.)

Raxid: Non o podo crer. Non o podo crer. Non o podo crer. Por iso volvíches? Pasaron dez anos, Xavier; parece mentira, dez anos. *(Pequena pausa.)* Non se pode loitar contra os sentimentos. De que che serviu todo este tempo? Di. De que? *(Pausa. Vai cara á*

fiestra. Volve correndo cara á Xavier e cóllete o brazo. Levántallo.) Corta un castiñeiro, veña, córtao, de raíz, ben a ras de terra, que non se vexa ren, que non quede nada... Ordénoche que o cortes! *(Xavier baixa o brazo e simula un golpe de machado sobre o van de Raxid.)* Xa está... Cortáchelo, xa está. Agora mírao. Cando menos o esperes, plas, teranlle agromado catro pólas novas. Semella que se mofe, verdade? O castiñeiro ten catro toros novos, rebordantes de follas, altas e verdes, como un ramo. Viva. Iso é todo o que pasou, Xavier, e non hai nada que facerlle. Non puidemos loitar contra os nosos sentimentos. Intentámolo, e non puidemos. Ningún dos tres: María, ti e eu. Pero ti agora volviches, estamos aquí, outra vez, como antes. Brindemos por iso! Veña. Iso é o que conta, o que hai que celebrar... Pero antes tesme que prometer que me farás este favor, só quero que o penses, nada máis...

Xavier: Como está María? Tivestes fillos? *(Pequena pausa.)* Aínda lle gusta que a abracen por detrás cando dorme?

Raxid: Es un fillo de puta.

(Pausa. Xavier colle a maleta.)

Raxid: Espera... Subirei a botella.

Xavier: Xa sabes o que dicía o meu pai: “gardarémola para celebrar algunha cousa boa”.

(Sae.)

Aixa e Abdalá. Ela ten un álbum de fotos e un libro grosso sobre as pernas. Pasa as follas. Raxid baixa do piso de arriba. Aixa abrázao, dalle un bico.

Raxid: *(A Abdalá)* Por que non me avisaches?

Aixa: Mira que atopei.

(Pasa algunhas follas do álbum: quere que Raxid as mire. Despois deixa o libro e o álbum no chan.)

Aixa: Non sei como podían vivir con tantas cousas aquí. Viches todo o que queda aínda arriba? Viches o cuarto pequeno que hai debaixo da escaleira?... Creo que o usarei para os trastos. Raxid... Por que te fuches onte tamén? Quérote... Todo é tan grande... Non mo imaxinaba así, hai seis habitacións, Raxid, seis, e todas para ti e para min, e para o avó. Ven. Por que non te quedas aquí con nós? Temos que escoller a nosa habitación. Gústanche estas camas tan altas? Vah, por que non te quedas esta noite? Estás na nosa casa...

Raxid: Aixa, eu...

Aixa: Perdoa... Perdoa, perdoa, perdoa, non quería incomodarte. Desde que era nena ensináronme a pensar en ti como se estivésemos casados... Lembro a festa do noso casoiro, a música, os gritos... Verdade que é absurdo?... Boto en falta algo que nunca pasou....

(Colle o libro e dállo a Abdalá, que o usa como mesiña para o xadrez.)

Raxid: Non deberiades de facer iso.

Aixa: Que?

Raxid: Iso.

Aixa: Sempre xogou ao *guetan*.

Raxid: É un libro. Non é un libro calquera...

Axa: Agora é noso, podemos facer o que queiramos.

Raxid: Non, non podemos.

Aixa: Non...Vah, di. Que mandamento rompemos agora?

Raxid: Aixa, hai moitas cousas que aínda non podes comprender... Por favor, non toques nada máis.

(Raxid recolle o álbum e péchao con delicadeza. Colle o libro. Abre o baúl. Coloca ben as dúas cousas con moito coidado.)

Aixa: Que tes?

Abdalá: Hai un home

Aixa: Que?

Abdalá: Un home
arriba
Coñece o *guetan*

Aixa: Hai alguén arriba Raixid? Que pasa? Que facemos? Escondémonos...

Raxid: Cala, queres?

Aixa: Pero que fixen? Dixen algunha cousa que non debía dicir, é iso. Mírame, por favor. Non sei que fixen. Xa sei que aínda o teño que aprender todo, que teño que volver a aprendelo todo, pero xa verás, hei ser unha boa esposa, non son...

(Entra Xavier. Silencio tenso.)

Xavier: *(A Raxid.)* Non me contestaches.

Aixa: Quen é?

Raxid: Non te entendo.

Aixa: Que fai este home na nosa casa, Raxid?

(Pequena pausa.)

Xavier: Agora o entendo. Son un intruso. Outra vez, un intruso.

Raxid: Non, non o entendes.

Aixa: Claro que non o entendo.

Raxid: Non falo contigo agora.

Xavier: Aínda non me contestaches... Que fai María? Díxoches algo de se quería verme?

Raxid: Está ben, como sempre. Ven mañá cear.

Xavier: Invítasme ti?

Raxid: Invítate ela.

Xavier: Moi ben. *Á vosa casa.*

Raxid: Si, á miña casa, xa sabes onde é... *(Xavier está a saír.)* Xavier...

Xavier: Que?

Raxid: Tesme que facer este favor...

(Xavier detense, xira e mira para Aixa.)

Xavier: De acordo... Un favor... Que se queden...

Raxid: Non é este o favor que...

Xavier: Perdoe...

Aixa: Aixa.

Xavier: Aixa. Agradeceríache que non tocases nada máis...

Raxid: Xavier, non me entendiches...

Xavier: Non?

Raxid: Non. *(Pequena pausa.)* Chamárate, pero igualmente tiña que verte... Dixeches que virías. Ben... Non sei como dicilo. Estás sen un can. Non queda nada. Durante todos estes anos funcho aguantando como puiden, pero agora os negocios do teu pai, ben, a verdade é que non... Ben, non o sei, paréceme...

Xavier: Pódese saber que tipo de favor é este?

Raxid: Teño unha solución. Nada máis terías que...

Xavier: Sabes unha cousa Raxid? Cando a auga chegue arriba de todo, cando isto sexa como Suíza, cando isto sexa como a bela e ordenada Suíza...

Raxid: Si?

Xavier: Non poderás vir a contemplala desde o piso de arriba. Boas noites.

(Silencio tenso.)

Aixa: Quen é?

Raxid: É o amo.

Aixa: Ela, quero dicir, María. Quen é?

Raxid: É a miña muller.

Abdalá e Xavier sentados diante do *guetan*. Fuman e beben.

Xavier: Movementos rectos indican o norte, o sur, o este o oeste.
As diagonais, nordeste, sudeste, sudoeste ou noroeste.
Non se pode cruzar a mesma casiña dúas veces nunha soa xogada.
Cando un xogador coloca unha das pezas nunha casiña ocupada por unha figura contraria, a figura é retirada do xogo.

Abdalá: É estraño
Coñecer alguén
alguén novo coma ti
que entenda os segredos
do xogo
Alguén coma ti
alguén de fóra
No meu país xa case ninguén se lembra
Pertence ao pasado
Arqueoloxía
Os mozos esqueceron a terra
as vellas tradicións
teñen a mirada ansiosa
enferma
miran ao norte
nada máis ao norte
sempre cara ao norte
A miña neta

(Pequena pausa.)

Por que te levaron
ao cárcere?
Canto tempo
estiveches?

Xavier: Deberíades marchar.
Ti e a túa neta, deberíades marchar.
É perigoso quedar.

(Pausa.)

Eu tamén mirei cara ao norte.

Abdalá: Marchaches.

Xavier: Retiráronme.

Abdalá: E aprendiches o *guetan*

Xavier: Si.

Abdalá: Quen cho aprendeu?

Xavier: Ninguén.

Abdalá: Seguro que era un home vello como eu

Xavier: Non exactamente.

Abdalá: Unha muller

Xavier: Un libro.

Abdalá: Un libro?

Xavier: Un libro vello, como esta casa.

Abdalá: Agora estás aquí

Xavier: Si, volvín.

Abdalá: Sabes que significa iso?

Xavier: Si.
Escollín, e escollín volver.
O final.

(Pequena pausa).

Unha cousa, nada máis teño que facer unha cousa...

Abdalá: Sabes que significa todo iso?

Xavier: Non.

Abdalá: Traizoaches as regras do xogo.

(Pausa.)

Xavier: Un ano.
Estiven un ano no cárcere.
Un ano enteiro.
Xusto o tempo que necesitaba.

Abdalá: Si?

Xavier: Para ler o libro.
O tempo que necesitaba.
Un ano xusto.
O tempo xusto.

Xavier: Enriba da cadeira, dálle corda ao reloxo de caixa. Move as agullas cun dedo. Comproba que o péndulo non se pare. Limpa o vidro.
Entra Raxid, mírao.

Raxid: Non sei por que o pos en marcha. Se o queres conservar, deberías desmontalo e sacalo de aí. Por que non chamas a alguén que mire todo isto? Aínda che darían máis cartos dos que pensas...

Xavier: Hoxe chegas cedo. Como estás? Descansaches?

Raxid: María está moi nerviosa. Ten medo que nos cacen... Téñoche que dá-las grazas.

Xavier: Non é necesario, aproveítome da situación.

Raxid: Que?

Xavier: Deixo que cociñe para min..., e tamén me lava a roupa. Está desanimada.

Raxid: Aixa é unha boa persoa.

Xavier: Si.

(Pausa.)

Raxid: E agora que farás? Quedar aquí é perigoso, xa o sabes.

Xavier: Si.

Raxid: Tes novia?

Xavier: Que?

Raxid: Tes novia? *(Silencio.)* Estas inglesas son un pouco sosas.

Xavier: Que farás con Aixa?

Raxid: Non sei que queres dicir.

Xavier: Farala volver?

Raxid: Non o sei.

Xavier: Claro.

Raxid: Non comeces... Non se trata soamente de Aixa. María ten medo de que poida saír escaldado, preocúpase por min. E por ti. Odia a policía. Aínda recorda cando te viñeron buscar... María é así, desperta a media noite e grita. Cando ve un policía na rúa detense, ou cruza. Ás veces nin mira. Onte aínda a puidiches ver ben, facíalle ilusión volverte ver despois de tantos anos, pero... Que che pareceu a cea? Estaba boa, verdade?

Xavier: Está máis delgada.

Raxid: Si?

Xavier: Moi señora da súa casa. Ti botaches un pouco de barriga. Deberías coidarte. Mira...

Raxid: Non me deas a lata. Gústame comer ben.

Xavier: Por que non tivestes fillos?

Raxid: Vai facer puñetas.

(Aixa atravesa a escena. Leva un cesto baleiro nas mans.)

Raxid: Fixácheste? Non me fala. Como se a tivera enganado. Cando se enfada... Cando se enfada baixa os ollos dunha maneira... *(Pequena pausa.)* Fixácheste como me mira? Ti tamén cres que a enganei, verdade? Unha promesa! Que promesa! Pactos de vellas laretas! Historia! Aínda tería que terme quedado aquí, agardando, esperando que unha meniña que aínda non nacera cando marchei se decidira a casar. Non me lembraba do pacto.

Xavier: A verdade é que non creo que ela contase moito.

Raxid: Que queres dicir?

Xavier: Durante todos estes anos non vos escribistes, só tiña un enderezo. Non marchou por ti. Que queres? Pensas que...

Raxid: De acordo, pero eu só podo falar por min e xúrocho, non me lembraba. É grotesco. Imaxínate a situación: un bon día érgueste, vaste a traballar e, de súpeto, despois de comer un bocadillo de xamón, atópaste que o pasado chega e chama na porta.

(Pequena pausa.)

Raxid: Non podo crer que non teñas moza... Ata cando pensas quedar?

Xavier: Ata o final.

Raxid: Quedarei aquí contigo, recolleremos as cousas, axudareiche coas caixas, a escoller...

Xavier: Non. Ti tes a túa vida, a túa casa, o teu traballo... e tamén a túa muller...

Raxid: Es o meu irmán.

Xavier: Si? (*Pequena pausa.*) Non te preocupes, non será preciso facer caixas.

Raxid: Que queres dicir?

Xavier: Non penso tocar nada.

Raxid: Entón, por que viñeches?

Xavier: Ti mesmo o acabas de dicir: “*o pasado chega e chama na porta.*”

(*Pausa.*)

Raxid: Si que cambiaches... Non es o... Ben, non sei que esperaba. Despois de tantos anos... Onte, mentres ceabamos, non quixeches falar. Estaba presente María, enténdoo. Pero sabes que temos que falar...

Xavier: Non podo crelo: quéresme falar do cárcere?

Raxid: Non sexas estúpido. Quéroche propoñer unha cousa.

Xavier: Ah, o favor.

Raxid: É importante, Xavier, tes que pensar no futuro. Os negocios, as terras...

Xavier: Cando o encoro estea cheo deica o bico, cando non quede nada; entón falaremos de todo iso.

Raxid: Ten que ser agora, Xavier. Non sabes...

Xavier: Mira, Raxid, en Inglaterra, eu tiña unha casa, traballaba na universidade... Deixeiino todo por vir aquí.

Raxid: Iso quere dicir...

Xavier: Iso non quere dicir nada. Non te confundas. Foi unha estraña tentación. Quería saber se era posible recuperar o pasado, a vida sinxela e despreocupada do pasado. Quería saber se a felicidade volvería cando eu volve... Mira se son estúpido. Todo o que deixei aquí xa non existe... Si, non poñas esa cara, nótoo. É unha sensación..., unha especie de impotencia que te come por dentro. Rabia. (*Pequena pausa.*) Se antes

de irte alguén cho explicase: “cando volvas xa non quedará nada...” Quizais entón... Quizais entón non te terías ido... Deberíaslle explicar a Aixa todo isto que che estou a dicir. Ela aínda está a tempo, aínda pode volver.

Raxid: A tempo. Sempre fuches un neno de casa boa. A tempo de que?... Por que cres que veu? Ti mesmo o acabas de dicir: non marchou por min. Ti cres que me quere?, que me quería?, que me quixo algunha vez? Suponse que es un especialista na súa cultura... Terías que saber de que che falo.

Xavier: Ti nunca marchaches, non podes saber...

Raxid: Ti esqueces de onde veño?

Xavier: Non é o mesmo. Ti non te lembras de nada, eras demasiado pequeno. De nada. E tampouco volviches alí abaixo despois. *(Pausa.)* Eu, pola contra, estouno perdendo todo.

Raxid: Eu sempre me lembrei de ti.

Xavier: Ti... Vosoutros, a xente de aquí, sempre vos lembrastes de min. Todos vos lembrabades de min, pero non me botabades de menos. Non. Eu si que vos botaba de menos, porén non lembro case nada. Ao detalle, quero dicir, as sensacións. Fosilicei catro imaxes, as fotos, ren... O resto... Todo se me desdébuxa. Todo se desdébuxa. Os recunchos desta casa... Esta casa teríame que devolver os recordos, as sensacións...

(Aixa volve entrar. Leva sabas de cáñamo dentro do cesto.)

Aixa: Podo sacar a roupa dos armarios?

Raxid: Hai roupa nos armarios?

Xavier: Déixaa.

Aixa: Son sabas de cáñamo, teríamos que lavalas, teríamos que lavalas a man, con cinsa.

Xavier: De verdade, non ten ningún sentido, non é preciso...

Aixa: Arriba vin unha táboa de lavar. Pódoa coller? Prefiro facelo no río.

(Sae.)

Raxid: É estraño, parece como se lle gustase todo iso, todo iso tan vello, todo este pó, como se necesitase o pó para vivir. Ti e ela... Quero dicir que practicamente estades sos nesta casa... *(Pequena pausa.)* Nin se che pasou pola cabeza... *(Pequena pausa.)* Pero tes noiva ou non tes noiva? Din que é fácil ligar coas alumnas...

Xavier: Terías que explicarlle unhas cantas cousas...

Raxid: Sabes que? Tes razón. Prefiro que non collas nada, paréceme ben que non o toques. Que a auga o pape todo. Comezar, comezar de novo. Libre. Soa ben... Soa ben...

(Rumor de auga no exterior.)

É de noite. Abdalá e Xavier sentados diante do *guetan*. Fuman e beben. Ruído de auga no exterior: rumor de pequenas ondas.

Xavier: Fenderon a terra; era preciso abrir unha canle para o remo.
 Derrubaron a pedra vella das nosas casas.
 Puxeron cemento, e obra vista, para os atletas, dicían.
 A paisaxe despois dunha batalla.
 Dentro dun contedor, atraíame a inscrición dun linde antigo: “Joseph me fessit...”
 Nada máis.
 Non se lía o ano.
 Rescatámola.
 Organizámonos: defenderíamo-la terra, dicíamos.
 Organizarnos.
 Loitar.
 Non queríamos aqueles xogos.
 O-LIM-PIA-DAS.
 Política de escaparate, dicíamos.
 Desde que morreu Franco, non sentíamos o alento do fascismo dunha maneira tan directa.
 A opresión na cara.
 Organizarnos.
 Inocentes.
 Decidimos boicotealo todo.
 Mirar cara ao norte.
 Que o mundo soubese quen eramos, que nos pasaba, que queríamos.
 E viñéronnos buscar de noite, como marca a tradición, e pecháronnos en Madrid, todo un ano, só por termos paxaros na cabeza, só por soñar.
 Lei antiterrorista, dicían.
 Só por soñar.
 A miña nai falou con María.
 Queríaa moito, a María.
 Eu tamén.
 Queríaa.
 Es a mellor amiga de Xavier, díxolle a miña nai: tes que facelo, tes que facelo...
 E ela aceptou, durante un ano, cada quince días, unha hora pechados os dous, unha hora.
 Unha soa paisaxe para o amor, un amor preparado, asasinado, cada quince días, unha hora, como quen espera o recreo.
 O meu amor asasinado.
 A miña morte.
 Un ano xusto.
 O tempo xusto.

Despois dos xogos deixáronnos ir.
Ningún diario dixo nada.
Nada.
Retiráronme.
E non nos volvemos a ver.
Quería a outro.
Agora xa o sabes: por iso me fun.
E agora estou aquí.

Abdalá: Terías que mover ti primeiro

(Aixa entra cun prato de castañas asadas. Despois serve o te. Pausa. Entra Raxid. Silencio.)

Raxid: Perdoade, non esperaba que houbera ninguén levantado.

Xavier: É tarde.

Raxid: Si.

(Pausa.)

Xavier: A habitación dos pais está arriba, xa coñeces o camiño.

Raxid: Non te entendo.

Xavier: Di: por que vés?, por que vés de noite?, que esperas atopar nesta casa?

Raxid: E preguntásmo ti? É tan estraño que unha persoa queira volver á casa na que pasou a súa infancia? Esta foi a miña casa durante máis de quince anos. Esta tamén é a miña casa.

Xavier: Mira por onde, eu, en cambio, son un estraño. Cando abro unha porta noto como se tódolos mobles, como se tódolos caixóns, tódalos *nosos vellos trastes*, me tivesen medo, como se o aire fuxise, como se non me fose permitido respirar. E paso o día pechando armarios, pechando caixóns, pechando caixas, portas, fiestras... Son un intruso.

Aixa: *(A Xavier.)* Ti queres que marchemos?

Xavier: *(Pequena pausa.)* Recolliches castañas.

Aixa: Fixen mal?

Xavier: Tranquila, está ben, apetécenme moito.

Aixa: Fóra todo está cheo de follas... Son longas, pequenas. Non coñezo as árbores. Camíñase suave. É unha sensación... Non sei como dicilo... Cantos días quedan?

Xavier: Non o sei. A auga sobe máis rápido do que eu pensaba. Calquera día atoparemos o salón inundado... (*Pausa.*) Quizais si que deberíades marchar.

Raxid: E ti, que esperas?

Xavier: (*A Aixa*) Estou ben, non te preocupes.

Aixa: Non marcharei.

(*Pausa.*)

Aixa: Cando chegaches...
Cando chegaches sentínme como se tivera deixado de existir: outro
espellismo.
Esta casa, Raxid...
Nada.
Todo mentira.
Molestábame o corpo, doíame, teríao guindado pola fiestra.
E agora que?
E agora que?
Repetíamo unha vez e outra vez: e agora que?
Non podía pensar.
Unha hora, dúas horas, un día, unha semana, un mes, un ano...
E agora que?
Preguntas sen resposta, como se me baleirasen o cerebro...
Dábame a impresión que oía bater as ondas outra vez, contra a barca,
contra a miña cabeza, e o frío da noite e da auga que se me pegaba ao
corpo.
E, sen saber como, o horror de aquela outra noite pareceume trivial.
A tentación do mar.
Outra vez.
Acabar por sempre, deixar de existir por sempre, para ninguén, de vez,
desaparecer para sempre, baixo as augas...
Basta...
Pero trabucárame.
Agora sei que me tiña trabucado.
(*Pequena pausa.*)
O teu destino é o meu destino.
É iso, o que vin no *guetan*.
Vou preparar máis te.
(*Fai acción de saír.*)

Xavier: (*A Aixa.*) Grazas.

Raxid: Xavier...

Xavier: Non estou seguro de nada.

Raxid: Eu che axudarei. Xavier...

Aixa: Queres que me quede?

Raxid: Non o entendes, tes que deixar que che axude. Quero axudarche. Necesito axudarche.

Xavier: (A Aix.) Faime un favor...

Raxid: Que?

Xavier: Na miña habitación, quero dicir na túa habitación, atoparás un álbum de fotos, enriba do armario. Podes traerme?

Aixa: Atopeino o primeiro día. Está aquí dentro (*polo baúl*).

Raxid: Podería pedirilles que o adiasen un pouco máis... A min faranme caso... Xavier, non cho dixen pero...

Xavier: Abríchelo?, miráchelo? Verdade que é estraño?

Aixa: O que?

Raxid: ... coñézoos moi ben. Ti estás...

Xavier: Observar os recordos, os recordos dos outros. Gustaríame saber que estraño sentido...

Raxid: ...pelado, non tes cartos. O diñeiro da indemnización...

Xavier: ...ten a imaxe dos meus recordos á túa mirada. Dirasmo?

Raxid: ...esfumouse tralas débedas. Só hai unha solución, Xavier, só hai unha. Tesme que facer este favor, faino por min, por María se queres...

(*Pausa.*)

Xavier: Dirasmo?

Aixa: Si.

Raxid: Xavier. Non me escoitas.

Xavier: Si?

Raxid: Os negocios, e tamén as terras... Tesmo que vender todo. Todo. Enténdelo? Tesmo que vender. É este o favor que che pido. É a única solución. Podo facer que a construtora absorva o negocio, podo salvarte, pero tes que te decidir hoxe. É a única maneira de continuar. Se mo vendes, os tratos serán fáciles. Interesaralles. Non hai ningunha outra solución. Tesmo que vender... Aixa, teslle que facer entender que...

Xavier: Dime unha cousa.

Raxid: Si?

Xavier: Puxeches moitos cartos no encoro?

(Pequena pausa.)

Raxid: Si.

Xavier: Desde cando?

Raxid: O proxecto é meu.

Xavier: Xa mo imaxinaba.

Raxid: Quero axudarche.

Xavier: Pensareino.

Raxid: Non deberías ter voltado.

Xavier: Tamén pensarei iso.

(Xavier sae. Silencio.)

Aixa: *(A Raxid.)* Asei castañas. Tomarás o te con nosoutros?

Aixa e Xavier miran o álbum de fotos en silencio. Pasan follas. Ruído de auga no exterior: rumor de pequenas ondas. De súpeto, Xavier levántase.

Xavier: Estou canso...

Aixa: Que buscas?

Xavier: O reloxo.

Aixa: Que reloxo?

Xavier: O meu reloxo de peto, o da primeira comuñón.

Aixa: Que?

Xavier: A primeira comuñón... Cousas nosas, rituais... Aquí os nenos pequenos fan a primeira comuñón.

Aixa: Miraches arriba, no caixón da dereita?

Xavier: Si.

Aixa: Como é o reloxo?

Xavier: Ten unha cadea, e un tren gravado. Cor de prata.

Aixa: Como o de Raxid.

Xavier: Non o sei, el non fixo a primeira... Leva reloxo Raxid?

Aixa: No peto de atrás, non se ve. É moi bonito.

(Pausa.)

Xavier: É estraño. Verte con este vestido...

Aixa: Mercoumo Raxid. Despois pasará por aquí, tamén ten unha americana para o avó... Mirará de convencelos que o paren uns días. Son amigos seus. Vense no bar, saen pola noite, cóntanse cousas...

Xavier: Ten bo gusto Raxid.

Aixa: Non sorrís nunca nas fotos. Que faciares aquí? Raxid sempre vai con esta bolsa de plástico, é estraño.

Xavier: É comida para os cans. Estou canso.

Aixa: Nunca diría que a eira fose tan grande. Onde está?

Xavier: Baixo as herbas.

Aixa: Pero, está aquí dediante ou está detrás, aló?

Xavier: Aquí dediante está o xardín...

(Pausa longa. Aix a vai pasando follas.)

Xavier: Aix a... Explicame cousas. Non sei nada de ti. O teu oasis. Tedes herba ou todo é area?, tedes auga?, hai rúas?, tedes escola?, hai coches?, como son as casas?, son de barro aínda? *(Pequena pausa.)* Tantos anos dando clase e aínda non conseguín liberarme destas estúpidas pantasma da literatura. Vexo dúas palmeiras no mesmo medio do deserto. Un pouco de auga. Un home sedento, un grito, o home que corre, o home tirado no chan bebendo auga ata torgarse, un camelo que lambe a cara do home... E nada máis. Un paraíso de cómic, que estúpido!

Aixa: Os camiños son de area.
Temos un río afundido, nunha garganta, unha garganta ampla e longa.
As palmeiras péganse ás paredes.
O val e as palmeiras, por debaixo do horizonte, como nun buraco...
Din que o deserto varre para alí toda a merda que lle sobra.

(Pequena pausa.)

Temos casas vellas e casas novas e tamén televisión.
De día, óese a auga dos regos, e as cotorras, e os cordeiros.
Polas tardes, porén, só escoitamos a televisión, a televisión que nos fala con voces estrañas, sonoras, a televisión que nos ensina o paraíso, que nos pregunta que facemos alí parados, por que non marchamos dunha maldita vez.
Cada noite a televisión, cada noite.
Despois, cando xa todo está escuro, o son detense e séntense algunhas cancións.
Cancións nostálxicas.
O vento atravesa as hortas e fai bailar as palmeiras...
E ao outro día pola mañá o pó amoreouse enriba das follas.
Xa o ves: un soño...

Xavier: Non tedes escola?

Aixa: Hai unha escola pequena, de cor rosa. Nunha banda os nenos, na outra as nenas. Nada máis uns anos, despois para a casa.

Xavier: Pero ti estudaches?

Aixa: Non.

Xavier: Non?

Aixa: O avó aprendeume todo o que sei. Dicía que o meu destino estaba aquí, no norte. Consegúame libros, dicía que me tiña que preparar... Agora tócache a ti.

(Pausa.)

Xavier: A miña casa, alá ao norte, é unha casa bonita e pequena, nun barrio tranquilo, ten un xardín moi grande. Faime pensar nunha destas construcións que se integran na paisaxe. Non debes saber de que che falo: planos sinxelos, perpendiculares, aproveitando a inclinación do terreo, beirados atrevidos, cores naturais... Durante o primeiro ano plantei tódalas árbores que me apeteceu; agora creceron, fixéronse grandes. Hai unha que case chega á terraza...

Aixa: *(Observando con atención unha foto.)* Quen é este home? Que fas aquí? Que é iso?

Xavier: *(Achegándose a mirar a foto.)* É Raxid. Estoulle poñendo un pano. Un agasallo. Eu marchaba: todo un ano fóra. Un ano xusto. Era un agasallo, en sinal da nosa amizade, unha especie de xogo. Un pano vermello.

Aixa: Regalácheslle un pano vermello?

Xavier: Si.

Aixa: E el? Que che regalou el?

Xavier: Regaloume un libro.

Aixa: Un libro.

Xavier: Si, un libro antigo, do seu pai.

(Pausa.)

Aixa: Xavier... Quero que me fales *desta* casa. Desta, enténdesme?... Quero sabelo todo.

(Pequena pausa.)

Xavier: Durante dez anos nada máis estiven pensando no día en que volvería...

Aixa: Pensabas nela?

Xavier: Pero dáme medo descubrir que a miña vida está lonxe desta casa, que a miña auténtica vida, que a miña..., non sei, que a miña vida se agocha nestes dez anos, alá arriba, en Inglaterra, e que non o souben ver... De que queres que che fale? (*Pausa.*) Mira esta casa, coño, mira todo o que nos rodea. A ti, o teu vento enchíate de area, enchíache tódalas palmeiras de area; aquí o meu vento é diferente, sabes que fixo o meu vento? O meu vento borrou a paisaxe da miña infancia, a paisaxe da miña mocidade. Non queda ren. Non sinto os mesmos ruídos. Cando miro pola fiestra, non vexo o mesmo. Hai un polígono á entrada do pobo, e a autovía. Ata cambiou a cor do aire, e o olor. Imaxinábame que volvería, que habería un cara a cara, un abrazo, que recibiría o perdón do mundo que abandonara. Pero o cara a cara non se produciu. Todo está morto.

(*Pausa longa.*)

Aixa: Teño unha sensación como se os dous tivésedes vivido aquí hai moitos séculos... Como erades de pequenos?

Xavier: Eramos irmáns.

Aixa: Queriádesvos.

Xavier: Eu quería á súa familia. O papá construíralles unha especie de casiña na eira. Era a cabana que eu sempre quixera ter. Gustábame ir de noite, que me contasen contos, que me falasen daquela maneira tan estraña e exótica. Tamén me gustaba probar a comida. Encantábame que picase tanto, e que puidésemos usar os dedos. Aínda existe a casiña. É esta...

Aixa: Esta?

Xavier: Non, tería que estar aquí detrás. Non o entendo. É estraño...

Aixa: Que faciades?

Xavier: Quen?

Aixa: Os seus pais. En que traballaban?

Xavier: Traballaban na casa, no bosque. Mentres os nosos pais traballaban, Raxid xogaba comigo, e tamén viña á escola. Crecemos xuntos. Ao cabo duns anos, os seus pais morreron nun accidente; os meus pais acollérono. Tratárono como se fose da familia, como se fose fillo seu.

Aixa: Como o trataba a xente?

Xavier: Había de todo... Nos pobos pequenos, aínda que pareza mentira, todo é máis fácil.

Aixa: Por que?

Xavier: Un home só non dá medo, nada máis é unha anécdota. A xente séntese orgullosa da súa tolerancia, como se lle desen unha pátina de exotismo. Enténdesme?

(Entra Raxid. Leva unha gran bolsa de plástico.)

Aixa: Como foi?

Raxid: Mira. *(Saca unha americana de home da bolsa.)* Que che parece? Cres que a quererá poñer?

(Pequena pausa.)

Raxid: Tal como vai, non pode saír fóra.

Aixa: Que che dixeron?

Xavier: Estamos mirando as fotos. Canto hai que non as miras?

Raxid: Séculos... Non puiden...

Xavier: Por que?

Raxid: Van retrasados, axiña choverá... Non se deterán.

Xavier: Puidesches telas collido. Hai dez anos que se están enchendo de polvo.

Aixa: Teño frío.

Raxid: Quererás escoitarme agora?

Xavier: Ven, senta.

Aixa: Non creo que o queira poñer.

(Aixa sae coa bolsa de plástico.)

Xavier: Mira. Esta foto. É xusto antes de que eu marchase. Onde está a casaña? Non o entendo.

Raxid: Derrubeina.

Xavier: Ti? Por que?

Raxid: Endexamais te fixaras. Era unha ruína. É estraño que agora penses nela.

Xavier: Si, é estraño.

(Entra Aixa. Leva un chal por riba dos ombreiros.)

Xavier: Recordo a túa nai como cantaba e cociñaba, e aquel pano que sempre levaba na cabeza. E o teu pai que facía bromas, que se recostaba no marco da fiestra e facía como se fose un locutor da tele. E falaba daquela maneira tan estraña, tan divertida. Tíñalo que ver, Aixa. Sempre riamos na casa de Raxid. Sinto moito que a derrubases.

Raxid: Aixa, quero que saibas unha cousa.

Aixa: Si?

Raxid: Xavier salvoume a vida.

Aixa: Que?

Raxid: Non llo dixeches?

Xavier: Non fixemos fotos.

Raxid: Foi por culpa...

Xavier: Ninguén ten a culpa desas cousas.

Raxid: Foi por culpa do gas... Durmiamos todos xuntos, a miña familia, un á beira do outro, nun leito de matrimonio. Un leito de formica, daqueles que imitan as vetas da madeira. Puxéranlle un colchón de la, cheo de manchas de humidade e de vultos. O somier renxía. Oía roncar ao meu pai e dábame a impresión de que estabamos condenados a unha inmovilidade forzada, que calquera pequeno movemento sería castigado por un poder superior que nos vixiaba, que nos castigaría. Pola mañá espertaba entumecido. Tiña frío e non durmira. Viviamos nun só espazo. Uns fogóns de gas butano, unha mesa, catro cadeiras acarunchadas e o chan de pedra, a pedra da eira. A un metro do leito tiñamos as bombonas...

Xavier: Xogabamos no soportal. Oímos balbordo. Gritos. E unha claridade estraña. Corremos cara á eira.

Aixa: Pero ti non estabas na casiña?

Raxid: Non, xogaba.

Xavier: Xogabamos xuntos.

Raxid: Corremos cara á eira. Foi entón: salváchesme a vida.

Xavier: Iso que dis é unha carallada.

Raxid: Botámonos a correr. A casiña queimábase. Saían lapas pola fiestra, a porta estaba pechada. Oín á mamá que gritaba o nome do meu pai e que pedía auxilio. As lapas comezaban a saír polo tellado. Quixen entrar, abrir a porta, facer algunha cousa. Non puiden... Xavier deume unha puñada e fíxome caer ao chan; despois sentou enriba de min e comezou a gritar con tódalas súas forzas. Pensaba que se volvera tolo. Naquel preciso momento o teito fundiuse e xa non se oíu nada máis, só o oular do lume. Como un silencio enxordecedor.

Xavier: Aquela noite quedaches comigo. Choramos toda a noite, e vimos como se facía de día... Os meus pais acolleron a Raxid, com se fose un fillo, comiamos xuntos, tiñas unha habitación propia, compartiamos todo.

Raxid: Tiña unha habitación, debaixo da escaleira, enteira para min só. Sen fiestras. Cun leito para min só, cunha cadeira para min só. Erguíame cedo e ía á panadería mercar o pan. Facíame a cama. Daba de comer aos cans. Collía os restos da cea, engadálles un pouco de pan seco e un pouco de auga e facía o caldeiro para os porcos. Despois almorzabamos xuntos na cociña e iamos á escola.

Xavier: Sentabamos xuntos na escola.

Raxid: Ninguén quería facer os traballos comigo, dicían que non sabía, que non entendía as cousas. Só lles interesaba que fose rápido. Gustáballes verme correr. Cando xogabamos ao fútbol sempre me escollían de primeiro; despois, se perdíamos, dicían: por culpa túa, mouro de merda.

Aixa: Cantos nenos había na escola?

Xavier: Trinta e cinco, máis ou menos, de tódalas idades. Queríante. Era unha maneira de falar, sábelo. Cando volvíamos á casa faciamos os deberes xuntos. Aprendiamos xuntos. As mesmas cousas.

Raxid: Eu axudáballe á cociñeira...

Xavier: Pero faciamos os deberes xuntos.

Raxid: Ti deixábasme copiar os teus deberes.

Xavier: E despois xogabamos na sala dos xogos. Sempre rías e berrabas, lémbrome. Atordábasme.

Raxid: E collíache as cousas e non chas quería volver.

Xavier: Os domingos iamos de caza. O papá levábanos de caza. Viamos saír o sol.

Raxid: Eu levaba as mochilas e encargábame dos cans. Daba de comer aos cans, como cada día. Os cans queríanme. Eles si que me querían, lambíanme a cara e durmían aos meus pés.

Xavier: O meu pai dábache a escopeta. Eu estaba celoso.

Raxid: O teu pai facíame cargar coa escopeta. Eu odiaba os domingos.

Xavier: Pero ti disparabas.

Raxid: Non me gusta disparar.

Xavier: Rías. Os meus pais queríanme.

Raxid: Si, queríanme.

(Pausa.)

Raxid: A túa nai nunca entrou a darme un bico antes de ir durmir. *(Pausa.)* Os domingos ti vías como saía o sol, eu víao cada día. Aínda o vexo cada día.

Xavier: Raxid...

Raxid: Que?

Xavier: Cres que temos os mesmos recordos?

Raxid: Retemos fragmentos do pasado. Pregúntao. Ninguén che saberá dicir por que estes e non outros, pero..

Xavier: Compartimos experiencias...

Raxid: Pero non compartimos os recordos. E aínda que o fixésemos, nunca sería o mesmo...

Aixa: Quizais é mellor que deixemos as fotos para outro día.

Xavier: Quizais si. *(Silencio.)* Boas noites.

(Xavier sae. Pausa.)

Raxid: *(A Aixsa.)* Aixsa, quédate comigo. Axudareiche, atopareiche traballo na empresa. Aquí as cousas están cambiando. Gustaríame que el se decatase, que fose feliz. Non se pode vivir do pasado... Chegou a miña hora, Aixsa, a nosa hora, a nosa hora. Fundiremos estas montañas, construiremos ata o cume, teremos de todo. Será un país bonito. E seremos nós quen o fagamos. Nosoutros. Confía en min.

Aixa: Á beira do meu oasis temos un *chott*, o *chott* do demo.

Raxid: Un mar de sal.

Aixa: Un mar seco.

Raxid: O papá tíñame falado...

Aixa: Perdéronse alí carabanas enteiras, no *chott*. Camelos, homes... O *chott* debórao todo. É necesario coñecer os camiños...

Raxid: Non fiarse dos espellismos...

Aixa: Se saes dos camiños, o chan cede e o *chott* trágate. Ninguén te volve a ver...

Raxid: Mírame, confía en min. Terás todo o que queiras, todo o que viñeches buscar.

Aixa: Endexamais me deixaron entrar soa dentro do *chott*.

Raxid: Non estás soa... Ven.

(Aixa achégase lentamente. Raxid dálle un bico nos labios. Abrázanse. No exterior a auga quéixase.)

Aixa. Subida nunha cadeira, dá corda ao reloxo de caixa. Move as agullas cun dedo. Comproba que o péndulo non se pare. Limpa o vidro.

Entra Xavier.

Xavier: Estou canso...

Aixa: Que buscas agora?

Xavier: Un libro.

Aixa: Que libro? O teu libro?

Xavier: Si.

Aixa: Está aquí dentro.

Xavier: Onde?

Aixa: Aquí, coas fotos. Limpeille o pó.

(Xavier abre o baúl e busca. Saca o álbum. Segue buscando. Aixax colle o álbum e ábreo.)

Xavier: Onte pola noite...

Aixa: Gústame, as fotos, fanme sentir ben... Ves esta figura?

Xavier: Si.

Aixa: Quen é?

Xavier: Non se ve ben.

Aixa: Paréceme que son eu...

Xavier: Non é unha muller.

Aixa: Si que o é... Camiña entre as sombras.

Xavier: Nunca diría que fora unha muller.

Aixa: Que ves?

Xavier: Non cho sabería dicir, de cativo dábanme medo as fotos. Non me fífo... Onte pola noite baixei a mirar o álbum.

Aixa: Onte pola noite.

Xavier: Si.

Aixa: Cando?

Xavier: Non tiña sono.

Aixa: Estiveches moito tempo?

Xavier: Suficiente.

Aixa: Suficiente para que?

Xavier: Suficiente.

(Pausa tensa.)

Xavier: Mira, míraa ben: hai unha muller, de acordo. Es ti. Que máis sentes? *(Silencio.)* Que sentes? Dimo. Concreta.

Aixa: Non o sei... Camiña... Non hai...

Xavier: Que non hai?

Aixa: Non o sei, non se pode explicar...

Xavier: Vólveo a intentar.

(Pequena pausa.)

Aixa: Unha muller que camiña... Saíu da casa e mira cara atrás. Entre as sombras das árbores. Así ninguén a ve. Ten medo. Non sabe cara a onde vai. Parece... Si, parece que foxe... É un albornoiz isto que leva? Xavier? Quen é?... Mira, non sei se podo explicalo, nada máis son sensacións, se nin tan só sei quen é, nin quen fixo a foto... *(Vólvelle a foto. Pequena pausa.)* Xavier, teríamos que marchar.
(Pausa.)

Aixa: Oíchesme?

Xavier: Que?

Aixa: Teríamos que marchar, marchar.

Xavier: Hai días que volo veño dicindo.

Aixa: Non me entendes. Deixa de mirar esta foto, non atoparás nada.

Xavier: Estou convencido... Aixá. Agora estou convencido. (*Pausa.*) Estiven equivocado ata agora. Non deberías marchar, non quero que te vaias. Non marches. Quero que quedas, necesito que quedas, que me aprendas a mirar, a mirar de novo, como agora, que fagas un esforzo...

Aixa: Non sabes o que dis... Non nos dá tempo. (*Pola fiestra.*) Mira aquí fóra. Que mires che digo. Temos que marchar.

Xavier: Fica comigo.

Aixa: É o que fago.

Xavier: Agora si que non te entendo.

Aixa: Marchar, Xavier. Ti e mais eu. Irnos. Definitivamente, marchar. Ti e mais eu.

(*Pausa.*)

Aixa: O teu destino é o meu destino... Abandonaches o paraíso, agora xa non tes ningún dereito. Fuxiches.

Xavier: Coma ti.

Aixa: Non, eu non fuxín. A min botáronme.

Xavier: É o mesmo.

Aixa: Cres de verdade iso que dis?
Non.
O sol da mañá recórdame a beleza daquela terra abandonada.
Si, abandonada, abandonada por min, por todos.
Entón sinto morriña.
De noite, porén...

Xavier: De noite...

Aixa: De noite sinto a queixa da auga, síntoa aquí dentro, e fúrame o cerebro, e dáme a impresión de que as paredes da casa se esnaquizan, que están a punto de caer...
Este monstro cada día achégase un pouco máis, pouco a pouco...
Xavier, eu aínda non saín do inferno; do oasis, do meu oasis.
Fico durmida coa area do deserto entre os dentes.

E por iso prego a Deus.
Quero lembrarlle que aínda non saín do inferno.
Prégolle para que me encamiñe cara adiante, cara ao norte, que non deixe
que os espellismos me atrapen...

Xavier: De noite, oio como tocan as horas, como se empezasen a conta
atrás, como se alguén se divertise...

Aixa: Crucei o *chott* e a area, e despois a auga, e agora necesito
cruzar a auga de novo.
Ven comigo.

Xavier: Como se alguén xogase comigo, como se tivese previsto todo
aquilo que faría, como se me quixese poñer a proba...

Aixa: Non chegamos ao final...
Non, aínda non.

(Pausa.)

Xavier: Onde queres que vaiamos?

Aixa: Cara ao norte.

Xavier: Volver. Sempre volver.

Aixa: Gustaríame ver a túa casa, planos sinxelos, beirados atrevidos,
o teu xardín, as túas árbores, ver como creceron.
Ti si que estás a tempo...

(Pausa.)

Aixa: Non loites máis, déixao todo, véndelle todo a Raxid. Véndello todo. Marchemos...
Non quedará ren. Non queda ren. Xa non queda ren. Comezar, comezar de novo. Libre.
Comezar de novo, comigo. Comigo.

Xavier: Onde dixeches que estaba o libro?

Aixa: Que?

(Xavier revolve outra vez no baúl, colle o libro.)

Xavier: Sabes que é isto?

Aixa: Si.

Xavier: Si?

Aixa: Un agasallo.

Xavier: Isto é a miña mocidade.

(Xavier sae.)

(Badaladas no reloxo de caixa. Aix a mira pola fiestra. Despois achégase ao “guetan”. Aix colle unha peza negra e móvea. Obsérvaa unha longa tempada e levántase.)

(Entra Raxid, leva unha bolsa de plástico.)

Aixa: Non quere.

(Pausa.)

Raxid: Fixeches o que che dixen?

Aixa: Si.

Raxid: Non o entendo.

Aixa: Que non entendes?

Raxid: Pensaba que contigo... Non o sei...

Aixa: Non o puiden convencer...

(Pausa.)

Raxid: Cando todo iso se acabe necesitará o diñeiro. Debería de entendelo.

Aixa: Non deixarás á túa muller, verdade?

Raxid: Pero que fará cando todo isto remate? Di, qué fará?

Aixa: Raxid.

Raxid: Si.

Aixa: Cumprirás a túa promesa?

Raxid: Que?

Aixa: Quedarás comigo?

Raxid: Claro que si.

(Pequena pausa.)

Aixa: Non digas tonterías.

(Pequena pausa.)

Raxid: Xureicho. Onte, alá dentro,... Xureicho.

Aixa: Utilizáchesme...

Raxid: Xúroche que...

Aixa: ...pero tamén me axudaches.

Raxid: Eu pódoche axudar.

Aixa: Non será necesario.

Raxid: Buscaremos un lugar...

Aixa: Non, Raxid, agora xa sei que teño que facer. Déixame.

(Entra Xavier. Leva o libro aberto nas mans. Silencio longo.)

Xavier: (A Aixax.) Non sei que debo facer.

Aixa: Ven.

(Aixa lévao da man ata á fiestra.)

Aixa: Mira o monstro como brúa: quéreo todo. Todo. Dállo.

Xavier: Que?

Aixa: Dállo...

(Xavier dubida, mira a Raxid; finalmente faino: guinda o libro pola fiestra.)

Aixa: Agora xa podemos marchar...

(Silencio.)

Xavier: Si.

(Os dous homes míranse fixamente. Silencio longo.)

Aixa: *(A Xavier.)* Esperareite no xardín.

(Aixa achégase a Raxid, dálle un breve bico nos beizos. Sorrí. Sae lentamente.)

(Xavier mira o reloxo de caixa, sobe á cadeira, ábreo.)

Xavier: Que hora é?

(Raxid saca un reloxo do peto posterior dos pantalóns.)

Raxid: E cinco.

(Xavier axusta a minuteira. Despois detén o péndulo e baixa da cadeira.)

Raxid: Que fas? Por que o paras?

Xavier: Ver ese reloxo na túa man...Velo na túa man é unha sensación...

Raxid: Xavier...

(Inesperadamente, Xavier bótase enriba de Raxid, dálle puñadas, rodan polo chan. Grandes exclamacións de dor e tamén de rabia. Unha pelexa infantil, brutal, primaria. Grande silencio final. Os dous homes, como dúas bestas, un diante do outro, saloucando.)

Xavier: Ese reloxo na túa man...Velo na túa man... É unha sensación curiosa, como se reencontrara o mundo, como se o reencontrara...

Raxid: É a túa última oportunidade.

Xavier: ...como podería reencontralo un morto.

Raxid: A túa última oportunidade. Ou agora ou nunca.

Xavier: Un morto.

Raxid: Non cho voverei a preguntar... Que dixeches?

Xavier: Un morto. Un morto que despois de dez anos sae da tumba. Un morto que non ten ningún dereito.

Raxid: Niso si que tes razón: non tes ningún dereito. Traballei moitos anos para chegar onde estou.

Xavier: Sempre me collías as cousas, e despois non mas querías volver... Voume. Prepara os papeis, todo será para ti, pasarei pola túa casa. Gustarame ver a María outra vez. María...

Raxid: Si.

(Pausa.)

Xavier: Nada. Quédate con el. Este reloxo, quero dicir. De feito, non me lembraba moito del. Agora é teu. Vaite.

Raxid: Xavier...

Xavier: Vaite.

Raxid: Sentiraste orgulloso desta terra. É a nosa terra. A nosa terra irá por diante do mundo, ninguén nos deterá. E ti tamén terás algo que ver. Ven...

(Raxid achégase a Xavier, abrázao, dálle un bico. Xavier mantense estático.)

Raxid: Durante canto tempo máis mo vas facer pagar?

Xavier: Non, Raxid, todo acabou. Perdóote.

Raxid: Eu tamén te perdoo.

Xavier: Ti?

Raxid: Si, eu, eu perdóote. Eu perdóote. Ti marchaches, deixáchesme. Ti traizoaches as regras do xogo. Non tiñas dereito a reclamar o amor dunha muller que non te quería. María non te quería. Nosoutros si que nos queríamos, María e eu queríámonos, pero iso tanto che deu. Puxeches un pouco de dor no noso amor, e despois abandonáchesnos. Fixéchesme un favor... Que gran favor!... Abandonáchesme. O meu irmán. Un reproche pendente, cada día pendente, durante dez anos pendente, sen xustificación posible. E agora volves. ¿Con que dereito te cres que podes vir a pedir nada, a recuperar nada? Ti, si, ti. E eu que? Ti marchaches porque quixeches, porque non entendiches nada... Nada máis me quedou este reloxo, este reloxo. É todo o que me quedaba de ti. Toda a nosa vida... Nunca entendiches nada... Aínda espero unha explicación. *(Pausa.)* Perdóote... Ten.

(Raxid abre a bolsa e saca unha botella de viño.)

Xavier: Unha botella.

Raxid: “Para celebrar algo bo”.

(Silencio. Xavier deixa a botella no chan. Os dous homes abrázanse. Entra Abdalá coa americana nova na man.)

Abdalá: Ten
non a necesito
Non sairei

(Raxid colle a americana e colócaa na bolsa de plástico. Abdalá senta diante do “guetan” e estuda con atención a disposición das pezas.)

Raxid: Botareite de menos.

Xavier: Si... Tócame xogar a min.

(Xavier achégase ao “guetan”, move unha peza branca baixo a atenta mirada de Abdalá. Sorrín un para o outro. Co seu movemento despraza a figuriña negra que moveu antes Aixa.)

Xavier: Ten *(Dálle a figuriña negra a Raxid.)*

(Silencio. Xavier afástase. Sae. Silencio.)

Abdalá: Sabes que significa isto?

Raxid: Si.

Abdalá: Cando un xogador coloca unha das pezas nunha casiña ocupada por unha figura contraria a figura é retirada do xogo
Hoxe atopaches

Raxid: Seino.
Respostas inesperadas a preguntas que nunca fixen.
O sentido da miña...

Abdalá: O teu destino

Raxid: Téñome que ir.
Podo facerche unha pregunta?

Abdalá: Estou na miña casa

Raxid: Claro.

(Pausa. Os dous homes fítanse fixamente durante un longo intre. Raxid mira pola fiestra; despois sae. Pausa. Abdalá colle a botella de viño e obsérvaa. Ábrea. Sérvese un vaso. Bebe a grolos pequenos e delicados.)

Abdalá: Dátiles amarelos
torrados
pequenos
en ringleiras
vermellos
Dátiles de tódalas medidas e cores
Na nosa casa
unha partida de *guetan* ás veces dura días
Din
que na súa orixe representaba unha batalla
entre a raza negra do sur e a branca do norte

(Comeza a oirse ruído de auga. Rumor de ondas. Cada vez máis forte, ata que acaba ocultando as palabras de Abdalá. Despois virá o escuro.)

Abdalá: É necesario colocar as figuriñas
de maneira que as pezas negras xoguen desde o sur
e as brancas desde o norte
O xogo remata
cando un dos dous xogadores coloca
calquera peza
na casiña que ocupa a Princesa do contrario
Ou cando un Xefe se apodera do outro
...

FIN

ÚLTIMOS TEXTOS EDITADOS POLA R.G.T.

- José Ramón Fernández:** “*Mariana*”, Tradución: Xosé Manuel Pazos (nº 16)
Manuel Forcadela: “*Santiago, Santiago*” (nº 17)
Xosé Manuel Pazos: “*María Soliña*”, “*Crónica de Pantagrúel*” (nº 18)
Bertolt Brecht: “*Pequeno Organon*”, Tradución: María Vázquez (nº 19)
Asja Srnc: “*As vodas mortas*”, Versión ao galego: Pedro P. Riobó (nº 20)
Itziar Pascual: “*Holliday Aut. Postal de amor*”, Tradución: Xosé Manuel Pazos (nº 21)
Raúl Dans: “*Foreber*” (nº 22)
Salvador del Rio, Pedro P. Riobó, Marcos Vieitez: “*Belérian*” (nº 23)
Yolanda Pallín: “*Memoria*”, Tradución: Xosé Manuel Pazos (nº 24)
Euloxio R. Ruibal: “*Luscofusco*” Drama monofásico (nº 25)
Elena Cánovas, Rubén Cobos, Juan Carlos Talavera: “*A Balada do Cárcere de Circe*”, Tradución: Xosé Manuel Pazos (nº 26)
Xesús Pisón: “*Venus padre*”, “*Título*”, “*Animal vacío*”, “*Home e muller preñada*”, “*O gran soño*”, e “*Arañeira*” (nº 27)
Jerónimo López Mozo: “*Guernica*”, Tradución: D. Cortezón (nº 28)
Luisa Villalta: “*Os dóces anos da guerra*” (nº 29)
Xosé Vázquez Pintor: “*A sombra da memoria*” (nº 30)
Iztíar Pascual: “*As voces de Penélope*”, Tradución: Xosé Manuel Pazos Varela (nº 31)
Iván Caloto: “*¡Sssh!*” **Patricia Piñeiro:** “*Silencios de Guerra*” (nº 32)
Roberto Vidal Bolaño: “*Memoria de mortos e ausentes*” (nº 33-34). Ed.: Pedro P. Riobó
Jacques Prévert: “*Entradas e saídas*”, “*A familia todosaconchegados*”, Tradución: Henrique Harguindey (nº 35)
Lino Braxe: “*Campo Sur*” (nº 36)
Ignacio García May: “*Os vivos e os mortos*” (nº 37). Tradución: Xosé M. Pazos Varela
Constantino Rábade: “*Cibernautas*” (nº 38)
Vanesa Martínez Sotelo: “*Azotea*” (nº 39)
Benxamín Rocha Coladas: “*Unha chea de anos e un día*” (nº 40)
Ernesto Caballero: “*Terra polo medio*” (nº 41)
Belén Roca: “*Os Facedores de Bonecas*” (nº 42)
Michel Azama: “*Zoo Nocturno*” (nº 43)
Paloma Pedrero: “*A Illa Amarilla*” Tradución e Dramaturxia: Ánxeles Cuña Bóveda (nº 44)
Xosé Manuel Pazos Varela: “*Tres exercicios para café-teatro*” (nº 45)
Afonso Becerra de Becerreá: “*Rexurdimento*” (nº 46)
Felipe Loza e Garbiñe Losada: “*Sen Vergonzas*” Tradución: Heitor Mera (nº 47)
Rubén Ruibal: “*Nunca durmo, de erik cachuzo*”(Insomnio) (nº 48)
La Pera Llimonera: “*Quo non Vadis*” (nº 49)
Carlos Be: “*Origami*” Tradución: Afonso Becerra (nº 50)
Manuel Lourenzo: “*Belicosario*” (nº 51)
Jaime Chabaud: “*PIS*” (nº 52)
Jacobo Paz: “*PEEP-SHOW*” (nº 53)
Jesús Díez: “*O Show de Kinsey*” Tradución: Afonso Becerra (nº 54)